

## **ACTA Nº4 DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO DE XEFE DE GRUPO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN**

**Expte nº2025/G004/000506**

Sendo as 9:30 horas do día 2 de xuño de 2026, reúnen no despacho de Secretaría Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, Actas e Goberno, os membros designados/as por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/09/2025 (acordo á súa vez modificado en Xunta de Goberno Local en sesión de data 01/10/2025) para formar parte da Comisión de Valoración dos méritos e memoria presentados polos concursantes con referencia á data de peche de presentación de instancias (07/11/2025) para a constitución de dita comisión e valoración de méritos.

Preside o acto a presidenta titular dona Patricia Berta Vázquez Mille, xefa do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Actúan como vogais titulares dona María Concepción Castro-Gil Iglesias xefa de Servizo de Fiscalización Precia, dona Natalia Framil Rego, xefa do Servizo de Xestión Económico-Financeira do Concello de Lugo; e don Carlos Bargeiras Vázquez, xefe de negociado (delineante) da adxuntía de Proxectos do Concello de Lugo. Actúa como secretaria titular dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

En primeiro lugar procédese a comprobar o quórum de asistencia pola presidenta da Comisión de Avaliación declarándose constituída a Comisión de Avaliación por estar todos os seus membros titulares.

### **I. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN.**

O día 17 de marzo de 2026, reúnen no despacho de Secretaría Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, Actas e Goberno, os membros da Comisión de valoración coa finalidade de rematar as actividades de valoración de méritos dos aspirantes:

| <b>ASPIRANTES</b>            | <b>EXPEDIENTE TECOL</b> |
|------------------------------|-------------------------|
| JESUS REAL FERREIRO          | 2025/O023/001284        |
| MARÍA ELENA RODRIGUEZ GARCÍA | 2025/O023/001286        |

a  
 Refª: ispac4573211572660856525.doc  
 Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

|                                    |                  |
|------------------------------------|------------------|
| PURIFICACION LEONIDE ALVAREZ LOPEZ | 2025/O023/001290 |
| NOELIA CANCELAS DOMINGUEZ          | 2025/O023/001291 |
| SANDRA BARCIA GONZALEZ             | 2025/O023/001293 |
| ROSA MARIA CARBALLAL RIFON         | 2025/O023/001294 |
| YOLANDA DIAZ GOMEZ                 | 2025/O023/001295 |
| MARIA CORRAL RODRIGUEZ             | 2025/O023/001336 |
| LUCIA RODRIGUEZ BURGO              | 2025/O023/001337 |

Como resultado de ditas operacións se publica o cadro-resumo de avaliación de méritos e cualificación de memoria que resultou ser o seguinte:

| ASPIRANTE                                                                      | ANTIGÜIDADE (máximo 4) | EXPERIENCIA (máximo 3) | GRADO PERSONAL CONSIDERACIÓN (máximo 2) | TRABALLO DESEMPEÑADO (máximo 2.25) | PERMANENCIA NO POSTO DE TRABALLO (máximo 0.75) | MÉRITOS ACADÉMICOS (máximo 3) | LINGUA GALEGA (máximo 1) | OUTRAS TITULACIÓNES (máximo 2) | CONCILIACIÓN (máximo 1) | TOTAL PARCIAL | MEMORIA | TOTAL  |
|--------------------------------------------------------------------------------|------------------------|------------------------|-----------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------------------|-------------------------------|--------------------------|--------------------------------|-------------------------|---------------|---------|--------|
| <u>ÁLVAREZ LÓPEZ</u><br>PURIFICACIÓN LEONIDES<br>ADMÓN MUNICIPAL 1º            | 4                      | 0                      | 1                                       | 2,03                               | 0,75                                           | 1,20                          | 1                        | 0,5                            | 0,5                     | 10,980        | 4,5     | 15,480 |
| PLANEAMENTO 2º                                                                 | 4                      | 0                      | 1                                       | 2,03                               | 0,75                                           | 1,20                          | 1                        | 0,5                            | 0,5                     | 10,980        | 1,5     | 12,48  |
| <u>BARCÍA GONZÁLEZ</u><br>SANDRA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>PLANEAMENTO        | 2,535                  | 0                      | 1,5                                     | 2,25                               | 0                                              | 0,5                           | 0,4                      | 2                              | 0,7                     | 9,885         | 2,50    | 12,385 |
| <u>CANCELAS DOMÍNGUEZ</u><br>NOELÍA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL | 2,655                  | 0                      | 1                                       | 2,03                               | 0,75                                           | 2,85                          | 0,75                     | 1,5                            | 0,7                     | 12,235        | 3       | 15,235 |
| <u>CARBALLAL RIFÓN</u><br>ROSA MARÍA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO                   | 3,075                  | 3                      | 1                                       | 2,03                               | 0                                              | 3                             | 1                        | 1,5                            | 0,70                    | 15,305        | 1,75    | 17,055 |



Refª: ispac4573211572660856525.doc

# Concello de Lugo Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

| ASPIRANTE                                                                       | ANTIGÜEDAD<br>E<br>(máximo 4) | EXPERIENC<br>IA<br>(máximo 3) | GRAO<br>PERSO<br>AL<br>CONSO<br>LIDAD<br>O<br>(máxim<br>o 2) | TRABALLO<br>DESEMPE<br>ÑADO<br>(máximo<br>2.25) | PERMANE<br>NCIA<br>NO POSTO<br>DE<br>TRABALLO<br>(máximo<br>0.75) | MÉRITOS<br>ACADÉM<br>ICOS<br>(máximo<br>3) | LINGUA<br>GALEGA<br>(máximo 1) | OUTRA<br>S<br>TITULA<br>CIÓN(S)<br>(máxim<br>o 2) | CONCILIA<br>CIÓN(máxi<br>mo 1) | TOTAL<br>PARCIAL | MEMORIA   | TOTAL  |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|-------------------------------|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|--------------------------------|---------------------------------------------------|--------------------------------|------------------|-----------|--------|
| ADMÓN MUNICIPAL                                                                 |                               |                               |                                                              |                                                 |                                                                   |                                            |                                |                                                   |                                |                  |           |        |
| <u>CORRAL RODRIGUEZ, MARÍA</u><br>XEFE DE GRUPO<br>PLANEAMENTO                  | 1,365                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,5                                                               | 3                                          | 0,75                           | 2                                                 | 0                              | 10,645           | No aporta | 10,645 |
| <u>DÍAZ GÓMEZ, YOLANDA</u><br><br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL       | 1,950                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,5                                                               | 3                                          | 1                              | 2                                                 | 0,7                            | 12,180           | 6         | 18,180 |
| <u>REAL FERREIRO, JESÚS</u><br>XEFE DE GRUPO ADMÓN<br>MUNICIPAL 2º              | 4                             | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0                                                                 | 0                                          | 0,40                           | 0,5                                               | 0                              | 7,930            | 2,50      | 10,430 |
| <br>PLANEAMENTO<br>1º                                                           | 4                             | 3                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0                                                                 | 0                                          | 0,40                           | 0,5                                               | 0                              | 10,930           | 2,25      | 13,180 |
| <u>RODRIGUEZ BURGO, LUCÍA</u><br><br>XEFE DE GRUPO<br>PLANEAMENTO               | 2,535                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0                                                                 | 0,75                                       | 0,40                           | 0,5                                               | 0,70                           | 7,915            | 5,75      | 13,665 |
| <u>RODRÍGUEZ GARCÍA, MARÍA ELENA</u><br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL | 3,990                         | 0                             | 1,5                                                          | 2,25                                            | 0                                                                 | 3                                          | 0,75                           | 0,5                                               | 0                              | 11,990           | 5         | 16,990 |



a

Refª: ispac4573211572660856525.doc

Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

Dentro do prazo outorgado ao efecto, formularon reclamacións:

| <b>ASPIRANTES</b>                   |                                                                                                                                                                            |
|-------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| JESÚS REAL FERREIRO                 | Solicita aclaración da disparidade de valoración da mesma memoria en dous procesos de provisión de postos de distintas datas                                               |
| MARÍA ELENA RODRÍGUEZ GARCÍA        | Presenta dúas: solicita acceso e copia do expediente incluídos criterios de valoración e oposición na valoración da lingua galega, conciliación de vida persoal e familiar |
| PURIFICACIÓN LEONIDES ÁLVAREZ LÓPEZ | Solicita acceso e copia do expediente incluídos criterios de valoración                                                                                                    |
| SANDRA BARCIA GONZALEZ              | Acceso ao expediente                                                                                                                                                       |
| ROSA MARÍA CARBALLAL RIFÓN          | Alega falta de valoración da memoria para o posto de xefe de grupo de planeamento                                                                                          |

Con carácter xeral e antes de entrar na consideración de cada alegación lembrar que, a pesares de que a Lei 39/2015 sinala que só existirán recursos alternativos aos ordinarios nos casos nos que unha lei así o estableza, están previstas nas bases estas reclamacións e ademais esta comisión se atopa en disposición de dar aos aspirantes as aclaracións e explicacións que precisen en relación aos méritos por eles alegados coa finalidade de dar a transparencia debida e pretendida por este órgano.

Por outro lado é certo que ten transcorrido un periodo de tempo inusualmente longo en relación ao que ven sendo frecuente en orde á atención destas reclamacións, xustificada en boa medida polas circunstancias vividas no Concello de Lugo nas derradeiras datas nas que a Alcaldía muda por prosperar unha moción de censura co que conleva de mutación da organización municipal, circunstancia que é especialmente sensible nun concello das dimensións do de Lugo.



### **JESUS REAL FERREIRO**

O alegante manifesta o seu desacordo en relación coa valoración da memoria presentada prara tomar parte no concurso para a provisión do posto de traballo de xefe de grupo de planeamento no que obtivo unha puntuación de 2.25 puntos cando nun proceso anterior e cunha memoria que coindice exactamente, pero menos ampliada, obtivera a puntuación de 3.75 puntos. Solicita os criterios de valoración.

En primeiro lugar cómpre recordar ao alegante a natureza dos procesos de acceso ao emprego público en xeral e dos de provisión de postos de traballo neste caso en concreto. Se trata de procedementos de natureza competitiva nos que o aspirante, do que non se dúbida da súa preparación para o desempeño do posto de traballo en ningún caso, compite con outros que poden estar menos ou máis preparados para o mesmo segundo o momento no que se convoca e resolve dito procedemento. Por outra banda os órganos de selección están integrados por persoas físicas que dispoñen do seu propio criterio polo que non é posible establecer comparación algunha entre procesos de datas diferentes con órganos de selección igualmente diferentes.

En concreto presenta unha memoria na que non se leva a cabo unha análise completa das tarefas do posto correspondente a unha praza de auxiliar administrativo nin dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento referidos só a ferramenta TECOL sin alusión a outro tipo de medios nin a adecuación aos mesmos por parte do candidato.

Non procede por tanto, revisión algunha do xuízo técnico desta comisión

### **MARÍA ELENA RODRIGUEZ GARCÍA**

A alegante manifesta o seu desacordo en relación coa valoración atribuída ao coñecemento da lingua galega, apreciación desacertada toda vez que non procede a valoración dos cursos referentes a unha mesma materia, suposto no que valorarase unicamente o de nivel superior. **Para acceder ao curso medio de linguaxe administrativo os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos certificados seguintes: Celga 4**, cursos de iniciación e perfeccionamiento de lingua galega, curso básico de linguaxe administrativo galego. A alegante non entendeu o teor das bases aprobadas e que rexen a convocatoria.



a

Refª: ispac4573211572660856525.doc

Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

Tampouco procede a valoración da conciliación da vida persoal e familiar pois segundo as bases debería ter presentado copia do documento **acreditativo da situación de dependencia**. Non presentou Resolución de recoñecemento de situación de dependencia que decide a Xunta de Galicia a través da consellería competente. A alegante presenta a incapacidade laboral do seu marido pero non entendeu o teor das bases de provisión do posto. Non se valora a incapacidade para traballar dun familiar senon a situación de dependencia que fai precisa a axuda doutra persoa para o desenvolvemento da vida diaria.

En relación á valoración da súa memoria á que se lle outorgou 5 puntos sobre 6 trátase dunha excesivamente prolija memoria que perde parte do relato das funcións dun auxiliar administrativo praza correspondente ao titular do posto de xefe de grupo que se provisiona.

A valoración non responde simplemente á excesiva extensión material do documento, senón á falta de proporcionalidade entre o seu contido e a análise específica esixible respecto do posto convocado. Apréciase un tratamento excesivamente amplo do servizo en detrimento da concreción funcional e operativa propia da Xefatura de Grupo.

Este Tribunal considera que a afirmación da alegante, *quiero saber con exactitud qué es lo que contiene tan prodigiosa memoria que no contiene la mía para ilustrarme e instruirme en consecuencia*, non é procedente en primeiro lugar porque desprende un ton excesivamente irónico cando se trata de aludir ao traballo persoal doutro aspirante ao mesmo proceso e en segundo lugar, porque os procesos de provisión de postos non teñen por finalidade instruír aos aspirantes, senon seleccionar, nun proceso de concurrencia competitiva, ao candidato máis ídneo con cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Non proceden as alegacións formuladas que quedan por tanto desestimadas.

### **ROSA MARIA CARBALLAL RIFÓN**

A alegante presentou unha única memoria en cuxo contido fai expresa alusión a *puesto de jefe/a de grupo de la Administración Municipal* páx.3, *jefe/a de grupo de la Administración Municipal*, páx. 4, etc

Si a intención da alegante fora presentar dúas memorias a comisión considera que tería sido tan fácil como facelo, ou mesmo si pretendera con unha atender aos requirimentos de dous postos, tería que facelo constar cando menos na portada do súa memoria. Non pode a alegante pretender que a comisión descenda a intentar comprender os propósitos da aspirante si non constan claros e expresamente indicados na súa



documentación sen que a simple alusión na solicitude poida obviar este mínimo requerimento en un procedemento de provisión de postos importantísimos na organización municipal.

Non proceden as alegacións formuladas que quedan por tanto desestimadas agás no referente á valoración do posto de xefe de grupo de planeamento aínda que a valoración en memoria sexa 0 por non presentada.

## **II. RESOLUCIÓN SOBRE AS PETICIÓNS FORMULADA E VISTA E ACCESO AO EXPEDIENTE.**

As memorias presentadas polas persoas aspirantes avalíanse e outórganselles puntuacións atendendo á súa adecuación ao posto convocado de Xefe/a de Grupo e conforme aos aspectos establecidos nas bases da convocatoria, en concreto:

A) ANÁLISE DAS TAREFAS DO POSTO: Esta comisión considera que comprende aspectos como:

- Identificación correcta das funcións do posto (non é suficiente transcribir a relación contida na RPT senón que se avaliará positivamente a descrición de cada unha das tarefas e a capacidade para situalas e concretalas no posto).
- Coñecemento das tarefas propias da Xefatura de Grupo.
- Relación funcional co servizo e resto de áreas do Concello.
- Capacidade de análise organizativo e operativo, sempre desde a perspectiva da existencia dun superior xerárquico.
- Outros aspectos aportados polo/a aspirante.

B) CLARIDADE EXPOSITIVA:

- Orde e extensión do documento.
- Coherencia interna.
- Capacidade de síntese.
- Claridade na exposición de ideas e propostas.

C) REQUISITOS, CONDICIÓNS E MEDIOS NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO:

C.1. Formación, experiencia, coñecementos técnicos e medios humanos ou calquera outro aspecto relacionado indicado polo/a aspirante

- Identificación de recursos humanos.

a

Refª: ispac4573211572660856525.doc

Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

- Coñecemento de ferramentas administrativas e competencias dixitais.
- Necesidades organizativas do posto.

C.2. Medios materiais, xornada, entorno, métodos, prevención de riscos ou calquera outro aspecto relacionado indicado polo/a aspirante

- Identificación de medios materiais.
- Medios técnicos e operativos necesarios.
- Uso de elementos periféricos.

C.3. PROPOSTAS DE MELLORA

- Viabilidade das propostas e visión actual das mesmas
- Mellora que se pretende alcanzar nos procedementos coa súa implantación.
- Aplicación práctica ao posto.

Esta comisión facilita o acceso ao expediente por parte dos solicitantes. Atendendo ao necesario equilibrio entre o principio de transparencia e a protección dos dereitos e intereses lexítimos do resto de participantes e tendo en conta que as memorias constitúen traballos de elaboración persoal, con contidos de elaboración intelectual propia incorporados ao proceso selectivo exclusivamente para os efectos de valoración técnica polo órgano cualificador, facilítase acceso ao expediente con que se da cumprimento a que sexa verificable a regularidade do mesmo sen necesidade de realizar copia dos que resulten excesivos para a finalidade pretendida. Por tanto se facilita acceso o vindeiro **dia xoves 4 de xuño ás 10:30 horas no despacho da Secretaría Xeral do Pleno.**

### III. RECURSOS DE ALZADA PRESENTADOS.

Presentáronse recursos de alzada por Dona María Elena Rodríguez García, Dona Purificación Leonides Álvarez López, Rosa María Carballal Rifón e Dona Sandra Barcia González, os tres con idénticos argumentos.

Esta comisión propón ao órgano competente a desestimación dos mesmos por presentación extemporánea e interpostos contra órgano non competente.



Refª: ispac4573211572660856525.doc

Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

Concello de Lugo

#### IV. ACORDOS DA COMISION DE AVALIACION.

A Comisión de Avaliación do Concurso, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar o cadro-resumo de baremación definitiva de méritos dos funcionarios/as do Concello de Lugo que reúnen os requisitos do concurso de provisión de postos de traballo e a proposta de adxudicación de destinos segundo a baremación definitiva de méritos realizada.

| ASPIRANTE                                                                        | ANTIGÜIDAD<br>E<br>(máximo 4) | EXPERIENC<br>IA<br>(máximo 3) | GRAO<br>PERSO<br>AL<br>CONSO<br>LIDAD<br>O<br>(máxim<br>o 2) | TRABALLO<br>DESEMPE<br>ÑADO<br>(máximo<br>2.25) | PERMANE<br>NCIA<br>NO POSTO<br>DE<br>TRABALLO<br>(máximo<br>0.75) | MÉRITOS<br>ACADÉM<br>ICOS<br>(máximo<br>3) | LINGUA<br>GALEGA<br>(máximo 1) | OUTRA<br>S<br>TITULA<br>CIONES(<br>máxim<br>o 2) | CONCILIA<br>CIÓN(máxi<br>mo 1) | TOTAL<br>PARCIAL | MEMORIA     | TOTAL  |
|----------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|-------------------------------|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|--------------------------------|--------------------------------------------------|--------------------------------|------------------|-------------|--------|
| <u>ÁLVAREZ LÓPEZ</u><br>PURIFICACIÓN LEONIDES<br>ADMÓN MUNICIPAL 1º              | 4                             | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,75                                                              | 1,20                                       | 1                              | 0,5                                              | 0,5                            | 10,980           | 4,5         | 15,480 |
| PLANEAMENTO<br>2º                                                                | 4                             | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,75                                                              | 1,20                                       | 1                              | 0,5                                              | 0,5                            | 10,980           | 1,5         | 12,480 |
| <u>BARCÍA GONZÁLEZ</u><br>SANDRA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>PLANEAMENTO          | 2,535                         | 0                             | 1,5                                                          | 2,25                                            | 0                                                                 | 0,5                                        | 0,4                            | 2                                                | 0,7                            | 9,885            | 2,50        | 12,385 |
| <u>CANCELAS DOMÍNGUEZ,</u><br>NOELÍA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL  | 2,655                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,75                                                              | 2,85                                       | 0,75                           | 1,5                                              | 0,7                            | 12,235           | 3           | 15,235 |
| <u>CARBALLAL RIFÓN,</u><br>ROSA MARÍA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL | 3,075                         | 3                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0                                                                 | 3                                          | 1                              | 1,5                                              | 0,70                           | 15,305           | 1,75        | 17,055 |
| POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL                                          | 3,075                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0                                                                 | 3                                          | 1                              | 1,5                                              | 0,70                           | 12,305           | Non aportta | 12,305 |
| <u>CORRAL RODRIGUEZ,</u><br>MARÍA<br>XEFE DE GRUPO<br>PLANEAMENTO                | 1,365                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,5                                                               | 3                                          | 0,75                           | 2                                                | 0                              | 10,645           | Non aporta  | 10,645 |
| <u>DÍAZ GÓMEZ, YOLANDA</u><br>POSTO: XEFE DE GRUPO<br>ADMÓN MUNICIPAL            | 1,950                         | 0                             | 1                                                            | 2,03                                            | 0,5                                                               | 3                                          | 1                              | 2                                                | 0,7                            | 12,180           | 6           | 18,180 |



a

Refª: ispac4573211572660856525.doc

Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

| ASPIRANTE                                                             | ANTIGÜDAD E<br>(máximo 4) | EXPERIENCIA<br>(máximo 3) | GRADO PERSONAL<br>CONSO LIDAD O<br>(máximo 2) | TRABALLO DESEMPEÑO<br>(máximo 2.25) | PERMANENCIA NO POSTO DE<br>TRABALLO (máximo 0.75) | MÉRITOS ACADÉMICOS<br>(máximo 3) | LINGUA GALEGA<br>(máximo 1) | OUTRAS TITULACIONES<br>(máximo 2) | CONCILIACIÓN(máximo 1) | TOTAL PARCIAL | MEMORIA | TOTAL  |
|-----------------------------------------------------------------------|---------------------------|---------------------------|-----------------------------------------------|-------------------------------------|---------------------------------------------------|----------------------------------|-----------------------------|-----------------------------------|------------------------|---------------|---------|--------|
| REAL FERREIRO, JESÚS<br>XEFE DE GRUPO ADMÓN MUNICIPAL 2º              | 4                         | 0                         | 1                                             | 2,03                                | 0                                                 | 0                                | 0,40                        | 0,5                               | 0                      | 7,930         | 2,50    | 10,430 |
| PLANEAMENTO 1º                                                        | 4                         | 3                         | 1                                             | 2,03                                | 0                                                 | 0                                | 0,40                        | 0,5                               | 0                      | 10,930        | 2,25    | 13,180 |
| RODRIGUEZ BURGO, LUCÍA<br>XEFE DE GRUPO PLANEAMENTO                   | 2,535                     | 0                         | 1                                             | 2,03                                | 0                                                 | 0,75                             | 0,40                        | 0,5                               | 0,70                   | 7,915         | 5,75    | 13,665 |
| RODRÍGUEZ GARCÍA, MARÍA ELENA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO ADMÓN MUNICIPAL | 3,990                     | 0                         | 1,5                                           | 2,25                                | 0                                                 | 3                                | 0,75                        | 0,5                               | 0                      | 11,990        | 5       | 16,990 |

Consonte co anterior a proposta definitiva de adxudicación de destinos resulta ser a seguinte;

| ASPIRANTE                                                           | TOTAL  |
|---------------------------------------------------------------------|--------|
| DÍAZ GÓMEZ, YOLANDA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO ADMÓN MUNICIPAL 02/30/1 | 18,180 |
| RODRIGUEZ BURGO, LUCÍA<br>POSTO: XEFE DE GRUPO PLANEAMENTO 21/30    | 13,665 |

SEGUNDO.- Os novos resultados da avaliación dos méritos e a proposta de adxudicación enténdese elevada a definitiva quedando remitida á autoridade convocante para que continúe a súa tramitación e a súa publicación na sede electrónica e páxina web do Concello de Lugo.



TERCEIRO.- Informar ao órgano competente para resolver os recursos de alzada interpostos por Dona María Elena Rodríguez García, Dona Purificación Leonides Álvarez López, Rosa María Carballal Rifón e Dona Sandra Barcia González deben ser desestimados por extemporáneos e interpostos contra órgano non competente.

CUARTO.- Facilitar acceso ao expediente aos solicitantes de dito acceso o vindeiro día 4 de xuño de 2026 ás 10:30 horas no despacho de Secretaría Xeral do Pleno.

*Contra as resolucións e actos de trámite da comisión, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.*

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Avaliación enriba citados, dando por finalizado o acto ás 11.45 horas de todo o que como secretario da Comisión dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE